



■ MANIFESTO RUD 2025

Por unhas universidades visibles, vivas, valentes e comprometidas coa paz

A Rede de Universidades pola Diversidade (RUD) reafirma en 2025 o seu compromiso cunha universidade pública, crítica, segura e orgullosamente diversa. Unha universidade que non só tolera a diferenza, senón que a celebra, a protexe e a reconece como motor de xustiza social, coñecemento transformador e paz entre os pobos.

En 2025 celebramos 20 anos de amor insurrecto, ese que desafiou leis, prexuízos e estruturas que negaban un dereito; un amor que transforma estruturas sociais porque se declara libre e orgulloso. A aprobación do matrimonio igualitario en España non foi só unha vitoria legal, senón froito da mobilización incansable do movemento LGTBQIA+ que logrou converter unha demanda concreta nunha causa colectiva, popular e profundamente transformadora. Por iso, celebrar este aniversario para a RUD non é mirar ao pasado, senón reafirmar o noso compromiso coa memoria, coa xustiza e coa loita por todos os dereitos para todas as persoas.

Nun momento marcado polo crecemento de discursos de odio, os retrocesos legais e os ataques ás persoas LGTBQIA+ en distintas partes do mundo, erguemos a voz. A censura nas aulas, a persecución das persoas trans, os vetos ideolóxicos e a negación de dereitos fundamentais non son fenómenos afastados: están a ocorrer tamén aquí, en Europa, nas nosas universidades.

Desde a RUD advertimos: ningún dereito está garantido se non o defendemos colectivamente. O que hoxe parece seguro pode desaparecer mañá. O que acontece nos Estados Unidos, con políticas reaccionarias que atacan a diversidade, a memoria e a liberdade, debe servirnos de alerta.

E tamén erguemos a voz ante o xenocidio do pobo palestino. Como rede comprometida cos dereitos humanos, rexeitamos a instrumentalización das loitas LGTBQIA+ para xustificar violencias.

Non se pode falar de dereitos mentres se bombardean hospitais, escolas e universidades. A vida, a dignidade e a liberdade non poden ter dobres estándares.

Sumámonos ao clamor internacional que esixe o cesamento inmediato de toda forma de violencia exercida sobre a poboación civil, independentemente da súa procedencia, e o cumprimento estrito do dereito internacional humanitario. Así mesmo, unímonos á demanda de que se permita, sen dilación, a entrada da axuda humanitaria en Gaza, pola grave escaseza de auga potable, alimentos e medicamentos esenciais.

Fieis ao noso compromiso coa paz, o entendemento entre os pobos, a defensa dos dereitos humanos e a resolución pacífica dos conflitos, desde a RUD reiteramos a necesidade urxente de alcanzar un alto ao fogo inmediato e duradeiro mundial, así como de manter abertas as canles de diálogo e mediación baseadas no respecto, a legalidade internacional e os principios do entendemento diplomático.

As universidades non son espazos neutros. Son actores sociais, políticos e éticos. E hoxe máis ca nunca, deben posicionarse. Nós facémolo.

Defendemos unha universidade onde todas as persoas poidan ser, vivir e aprender sen medo. Unha universidade que abrace a diversidade de corpos, xéneros, afectos, familias, orixes, linguas e capacidades. Unha universidade que non só acolle, senón que se deixa transformar por quen historicamente foi marxinalizada.

Somos a Rede de Universidades pola Diversidade. Somos feministas, transincluíntes, despatoloxizantes, antirracistas, anticapacitistas, antipatriarcais, plurais, visibles, orgullosas e profundamente comprometidas coa xustiza social e coa paz.

E non imos retroceder.

28 de xuño de 2025

Versión resumida para redes sociais

E se non puideses estudar sen medo? E se a túa universidade calase ante o xenocidio?

En 2025, a RUD reafirma o seu compromiso con universidades **visibles, vivas, valentes e comprometidas coa paz**.

Fronte ao odio, os retrocesos e a violencia, defendemos **a diversidade, os dereitos humanos e a vida**.

Ningún dereito está garantido se non o defendemos xuntas.

Non hai orgullo sen xustiza. Non hai dereitos sen paz.

Somos feministas, LGTBQIA+, transincluíntes, antirracistas, orgullosas.

E non imos calar.

#ManifiestoRUD2025

#UniversidadesPolaDiversidade

#OrgulloUniversitario

#PalestinaLibre

#NonNoNosoNome